

# Anotacións históricas sobre a Confraría do Santísimo Cristo do Consolo

---

Por Luis Martín Carnero Feijóo\*

A Asociación do Santísimo Cristo do Consolo constitúese como a primeira confraría da nosa parroquia en ter personalidade xurídica no ano 1990, labor conseguida grazas aos esforzos da directiva daquel entón, ao cura don Jesús e ao Arcebispo Rouco Varela. Non obstante, a súa historia remóntase case cinco séculos atrás, sendo a primeira asociación relixiosa de laicos da nosa parroquia de Santiago de Cangas e Illas Cíes.

É moi complexo saber a data exacta da fundación desta confraría porque non temos -ou polo menos non apareceron- documentos fundacionais, de tal forma que a primeira referencia escrita é de mediados do século XVI, pero sen dúbida sabemos que é anterior, e que incluso podería fundarse á vez que se estaba a construír a igrexa. Esta hipótese baséase polo feito de que a por aquel entón Confraría do Bo Xesús era a encargada da Fábrica da Igrexa, é dicir, a que asumía os gastos do seu mantemento. Ademais, tamén estaba obrigada a axudar á congrua dos racioneiros e do prior da Colexial Igrexa no caso de teren necesidades e incluso tiña a obriga de costear as levas de soldados de ser necesario.

No plano xeral galego, podemos atopar similitudes entre a nosa Confraría do Bo Xesús e as confrarías da Vera Cruz que se estenderon por toda Galicia na Baixa Idade Media. O certo é que esta confraría por Galicia en diante adoitaba ser de carácter penitencial, centrando os seus actos na Semana Santa e nos actos da Cruz de Maio, e de feito era a encargada de realizar a procesión de disciplinantes no Xoves Santo. O máis probable é que se desenvolvese esa saída piadosa en Cangas ao pouco tempo de erixirse a colexiata, polo que é lóxico pensar que a Confraría do Bo Xesús fose quen a organizase.

O mantemento económico da confraría pode resultar cando menos curioso na actualidade, pois os seus ingresos habituais proviñan dos mariñeiros que entregaban o seu quiñón, encargándose esta da súa elaboración e venda. Eran os mordomos da confraría (o que hoxe entenderíamos por directiva) os que se encargaban de realizar estas xestións. O máis habitual era salgar o peixe para a súa venda, polo que a confraría acudía a mercar o sal ao alfolí -unha dependencia que por aquel entón existía nas vilas para vender o sal- quen llo deixaba a un custe menor. Recadábase dos xeiteiros, dos polbeiros, dos congres ... Para a venda do peixe pagábaselles a unhas vendedoras que cobraban unha pequena parte polo seu traballo, quedando o restante para a confraría. Outra das formas que tiñan de ingresos proviñan dos beneficios das multas que se impoñían por marear en festivo, en santos determinados ou polas sacadas.

Non obstante, ao ser a Confraría da Fábrica tamén tiña que facer fronte a unha serie de gastos extraordinarios, como pode ser encargarse de ocultar as alfaias e ornamentos de gran valor que había na igrexa se había anomalías ou perigos na contorna. Neste sentido podemos salienta o episodio da Batalla de Rande no 1702, xa que se atopa ben documentado.

Debido a esta batalla, os mordomos e fabriqueiros da confraría por temor a un posible saqueo na vila, tiveron que esconder as alfaias e incluso as campás, co gasto que implicaba. O agocho dependía do tempo co que se contase, se era inesperado o máis habitual era transportar todos os bens ata Santiago de Hermelo, e de haber máis tempo, optábase por levarlos incluso ata Mondariz. Cando o perigo remataba os bens retornaban de novo á Igrexa Colexial, e de saíren indemnes mandábase sacar en procesión ao Cristo do Bo Xesús como agradecemento.

Non cabe dúbida de que o ataque a Cangas dos piratas turcos e berberiscos no 1617 vaille imprimir carácter a esta confraría. Entre as perdas que ocasionaron en Cangas, sábese que lle prenderon lume á Igrexa, arruinando parte da factura en madeira desta (os teitos da nave central e lateral eran de madeira, ao igual que o coro alto, do que aínda se conservan as ménsulas que o soportaban no primeiro par de columnas da igrexa). O Racioneiro da colexiata, San Juan Suárez, prestou testemuña ante o Procurador Xeneral, Xerónimo Núñez, na que dixo: "*(...) e pusieron fuego a un Santo Cristo que no quiso arder que era de mucha devoción (...)*". Este era o Cristo coñecido como o Bo Xesús, que actualmente se atopa na pila bautismal da Igrexa de Cangas e que naquel momento estaba na capela desta confraría. O feito de que esta imaxe non ardese foi todo un símbolo para unha vila desolada que viu neste feito un milagre.

Debido a este suceso, do retablo primixenio da confraría soamente conservamos as táboas pintadas que se salvaran tamén da queima. Estas representan á Virxe e a san Xoán, para conformar xunto con Cristo o Calvario. Non obstante, temos unha partida nos libros da confraría que sinalan a contratación do mestre pintor Isidro Rouco, veciño de Oia, para restaurar a pintura de San Xoán, o que é un indicativo de que a pintura foi algo afectada. Do mesmo xeito, cando xa nos anos 90 do século XX a confraría restaura o Bo Xesús, o restaurador deixou escrito nas súas notas da actuación que, ao retirarlle os repintes das mans, quedaron ao descuberto as mans primixenias moi ennegrecidas, sinal da gran afección que o incendio dos piratas lle provocara.

No ano 1702 vai chegar dende Veracruz (Nova España, actual México) unha doazón feita por Juan Ferral e Josefa Pérez, veciños de Cangas que emigraran e que lle querían agradecer ao Bo Xesús a súa boa ventura. Doan á confraría a cantidade de 50 reais de prata de a oito para a construción dun novo retablo para o Bo Xesús. Vaise contratar a Antonio Ricoy, veciño de Pontevedra, para a súa realización, quen tiña que facer o retablo en madeira de castiñeira. Debeu construír o retablo antes do 1704, porque nese ano xa hai unha partida da confraría para pagar a un pintor para douralo. Deste retablo conserva a confraría 4 das súas columnas, do chamado estilo salomónico, douradas, e que se utilizan actualmente como soporte para vasos de flores na solemnidade e novena do Cristo.

Este retablo do 1702, de estilo barroco, segundo a nota dun visitador do arcebispado que acudiu a igrexa de Cangas no 1791, atopábase deteriorado, polo que mandou á confraría que o restaurase ou fixese un novo. O seu deterioro debíase á humidade que afectaba aos cimentos da capela, xa que non era tan antigo como para atoparse en mal estado. Finalmente a Confraría decídese por encargar un novo, que se erixe no 1795. O novo retablo é obra de Juan Luis Pereira, quen colabora con Thadeo Touriño, canteiro, encargado da base pétreo do altar. O pintor que se encarga de dourar o retablo é Benito Antonio da Silva e Ruibal.

Nesta ocasión, ao mestre canteiro váiselle encargar tamén a realización dun cano subterráneo para impedir a afección das augas ao novo retablo. Non obstante, unha vez rematado o retablo e contando a confraría con fondos suficientes, deciden encargar no 1796 a realización dunha nova imaxe de Cristo, máis acorde coa moda do momento, o que será o Cristo do Consolo. O Cabido, Prior e Racioneiros da colexiata querían que a imaxe fose similar á do Cristo de Conxo, obra de Gregorio Fernández, polo que envían a Santiago ao procurador don Thomás Martínez para que visite aos estatuarios e atope un que realizase o encargo para Cangas. Ao non chegar este a un acordo en prezo e forma cos estatuarios, o Cabido da colexiata toma a decisión de encargar ao mestre estatuario de Santa Cristina de Cobres, don Juan Pintos, a realización do novo Cristo, que levará por nome Cristo do Consolo. Unha vez rematado, este vai ser colocado no novo retablo da confraría e o Bo Xesús trasladado ao respaldo da pila bautismal, onde aínda permanece, motivo polo que é coñecido popularmente como *Cristo da Pila*.

Este retablo é o que chega aos nosos días, mais cunha serie de transformacións froito da restauración que nos anos 1992-93 levou a cabo un restaurador por encargo desta confraría. Debido á humidade procedente da rúa da Estrela (que se a topa máis elevada que o interior da igrexa) o retablo atopábase bastante deteriorado. A solución do restaurador daquel entón foi a de retirar todo o dourado e pintura para sanear a madeira e posteriormente pintalo e aplicarlle pátinas para que semellase antigo, de maneira que perdeu así o retablo un gran valor histórico e artístico.

A confraría cambia de nome no 1865, ata entón era a Confraría do Bo Xesús, e a partir de entón é a Confraría do Santísimo Cristo do Consolo, momento no que se elaboran unhas novas normas e dereitos para os cofrades e no que se traslada a función solemne e procesión do Cristo ao último domingo de agosto, e que ata entón se celebraba no triduo de carnaval.

O último cambio desta confraría é cando no 1990 se constitúe como Asociación do Santísimo Cristo do Consolo coa finalidade de crear unidade cristiá entre todos os seus asociados, feito co que comezaba estas liñas. Así, esta confraría vai sumarse tamén á Coordinadora de Semana Santa de Cangas para colaborar na propagación dos cultos da Semana de Paixón, promovendo a fe no noso pobo e a devoción ao Santo Cristo.

En definitiva, queda posto de manifesto o gran legado desta confraría, sen dúbida ligada á historia da nosa vila nos seus cerca de 500 anos de historia. O Cristo de Cangas traspasa fronteiras e nós debemos ser os máximos difusores da súa historia e tradición. Nas nosas mans está a súa continuidade.

## Adenda

A historia nunca está de todo escrita e os cambios poden sucederse. Recentemente a confraría recuperou as partes talladas da antiga anda do Cristo do Consolo, do século XIX e de estilo neogótica, así como varias forquetas antigas, feitas en latón e ben labradas, que se atopaban nunha casa particular, ambas recuperacións de gran importancia a nivel histórico, artístico e cultural, que supoñen ir reconstruíndo a historia obxectual da nosa confraría.

A Directiva da Asociación do Santísimo Cristo do Consolo solicita a aquelas persoas que teñan fotografías antigas do retablo do Cristo que fosen tan amables de achegárnolas para facerse a asociación cunha copia das mesmas. Moitas grazas.



**\*Luis Martín Carnero Feijóo** (1998), natural de Cangas, é historiador pola Universidade de Santiago de Compostela obtendo o título de Grao co traballo *“Xénese e evolución das procesións de Semana Santa na Galicia Occidental en Época Moderna”*.

*(Publicado en “Asoc. do Stmo. Cristo do Consolo”. Agosto, 2023. Cangas.)*